

I ANDAINA “OS PICHÍS”

05/07/2026 CONCELLO DE A RÚA

REGULAMENTO XERAL

ARTIGO 1 - PRESENTACIÓN

Asociación Sociocultural Sabugueiro, organiza a I Andaina Dos Pichís , que se celebrará o vindeiro, **Domingo 4 de Outubro**, no Concello de A Rúa de Valdeorras.

A proba conta coa colaboración do Concello e de Protección Civil de A Rúa.

O circuito combina tramos urbanos con tramos de monte , cunhas distancias aproximadas de 20, 14 y 5 km. Os horarios de saída e o trazado concreto estarán condicionados pola proba na que participe cada persoa.

ARTIGO 2 – CIRCUITO

A organización encargarse de que a ruta estea debidamente sinalizada, co fin de garantir a seguridade e a correcta orientación das persoas participantes.

Só se poderán empregar as zonas marcadas como circuíto. O incumprimento total ou parcial desta norma, así como recortar o trazado oficial, poderá implicar a descualificación das persoas infractoras.

A organización resérvase o dereito de modificar o percorrido por causas alleas á mesma e/ou por motivos de forza maior, no caso da andaina longa poderá ser modificada por motivos meteorolóxicos, calor ...Poderase ver modificada.

VER ANEXOS.

ARTIGO 3 - INSCRICIÓN

O prezo da inscrición será de **15 euros para os adultos** (nados de 2010 e anos anteriores) e de **8 euros para os menores** (nados anos posteriores ao 2010).

Os menores de 16 anos poderán participar nas andainas de 14 e 5 km.

O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación do presente regulamento ata o venres 2 de outubro de 2026 ás 12:00 horas a través da seguinte páxina web:

www.carreirasgalegas.com

Tamén será posible realizar a inscrición de maneira presencial nos seguintes establecementos:

A Rúa:

*Mapfre

*O Colmado

*Narjoysa

*Xardinalia

O Barco:

*Trisport

Ata as 20.00 horas do venres 2 de Outubro 2026.

Ademais, permitirase a inscrición presencial o propio día da proba, o domingo 5 de xullo, ata 15 minutos antes do inicio da proba, sempre que queden dorsais dispoñibles.

Daranse bolsas do corredor ata fin de existencias.

Para formalizar a inscrición será obrigatorio facilitar os seguintes datos: nome, apelidos, NIF ou pasaporte, data completa de nacemento, xénero e teléfono de contacto. Non se aceptará ningunha inscrición na que falte algún destes datos.

*A organización poderá prescindir de aqueles servizos que considere debido problemas de causa maior

ARTIGO 4 – DISTANCIAS E HORARIOS

A saída e meta será, na Praza Cesar Conti

- ANDAINA LONGA: 20 km: 9.00 h.
- ANDAINA CURTA: 14 km: 9.00 h.
- ANDAINA MINI: 5 km: 10:00 h.

ARTIGO 5 - SERVIZOS

Haberá avituallamento durante a andaina.

Ao final da andaina haberá unha pinchada para todos os participantes.

A organización resérvase o dereito de modificar ou suprimir calquera destes servizos por causas alleas ou de forza maior.

ARTIGO 7 - PREMIOS

Haberá un sorteo de varios agasallos entre as persoas participantes na andaina, empregando como referencia o número de dorsal asignado. O sorteo levarase a cabo ao remate da pinchada.

Haberá bolsa do corredor, que constará de camiseta, auga e barrita enerxética e una bolsa/mochila.

Esta poderá recollerse no atrio da Igrexa da Rúa Vella o sábado 3 de Outubro en horario de 18:00 a 20:00 horas, unha vez formalizada a inscrición, ou ben o propio día do evento unha hora antes da saída.

ARTIGO 8 - RESPONSABILIDADE

A organización non se fai responsable dos danos que puidesen sufrir as persoas participantes por imprudencias ou descoidos delas mesmas. O/a participante declara, baixo a súa responsabilidade, que realizou o oportuno recoñecemento médico que lle permita estar en condicións óptimas para realizar a proba, e exime á organización da devandita responsabilidade.

ARTIGO 10 – COMPROMISO

A inscrición na andaina implica a plena aceptación do presente regulamento.

CONSIDERACIÓN FINAL


A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, e deberá comunicalo na web e na información ás persoas participantes.

LOPD: Todos os participantes ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nos medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña

ANEXO CIRCUITO

ANDAINA MINI



ANDAINA LARGA Y CORTA

